



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERIA DE ECONOMIA, EMPREGO E INDUSTRIA, E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA PARA A ECONOMÍA ENERXÉTICA PARA A CELEBRACIÓN DO DECIMO CUARTO CONGRESO DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA PARA A ECONOMÍA ENERXÉTICA – “TRANSICIÓN ENERXÉTICA, INDUSTRIA E EMPREGO” A CELEBRAR NA CIDADE DA CORUÑA.

En Santiago de Compostela, a oito de xaneiro de dous mil dezanove, na sede da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

R E U N I D O S

Dunha parte D. Francisco José Conde López, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, nomeado para o dito cargo por Decreto 124/2015, do 4 de outubro, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82 do 30/04/1991).

E doutra parte, _____, actuando en nome e representación da Asociación Española para a Economía Enerxética, en virtude do seu cargo como presidente.

Interveñen en función dos seus cargos respectivos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen e

E X P O Ñ E N

PRIMEIRO.- As Administracións Públicas poden outorgar subvencións de concesión directa segundo o establecido no artigo 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEGUNDO.- Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, de acordo ao establecido no artigo 19 do Decreto 135/2017, do 28 de decembro (DOG de 25 de xaneiro de 2017), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en materia de fomento, ten atribuídas as competencias para o impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados a elaboración, proposta, desenvolvemento, execución e control de programas dirixidos a fomentar a investigación, desenvolvemento e innovación, así como da implantación destes resultados, en materia de enerxías renovables e de aforro e eficiencia enerxética.

TERCEIRO.- No orzamento de gastos da Consellería de Economía, Emprego e Industria para o exercicio 2019 inclúese a aplicación 09.20.733A – 781.1 “Axudas á economía enerxética proxecto 2019.00013 – Congreso Asociación Economía Enerxética” sendo a fonte de financiamento de fondos propios libres. De conformidade co disposto polos artigos 19.4 e 26 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, trátase dunha subvención de concesión directa que se instrumenta a través deste convenio de colaboración.



CUARTO.- A Asociación Española para a Economía Enerxética é unha asociación de ámbito nacional, sen ánimo de lucro e que ten entre os seus fins, os seguintes:

- Facilitar a comunicación profesional e o intercambio de ideas entre as persoas interesadas na Economía da Enerxía
- Ofrecer difusión e instrución social en cuestións de Economía Enerxética.
- Promover a cooperación internacional na temática da Economía Enerxética.

Sendo unha das súas finalidades primordiais a realización de actividades de promoción, e a tal fin vén desenvolvendo anualmente o Congreso da Asociación Española para a Economía Enerxética, a celebrar este ano na cidade da Coruña entre o 30 de xaneiro e o 1 de febreiro de 2019. É por isto que as súas actuacións enmárcanse no interese xeral e, de acordo co disposto no artigo 26.2.a) da Lei de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrencia pública porque o desenvolvemento deste congreso a nivel nacional e internacional realizarase únicamente na cidade da Coruña.

QUINTO.- Para que o proxecto, acade a meirande repercusión posible e redunde nun efecto positivo de arrastre para o tecido empresarial galego, é imprescindible o apoio institucional e económico das Administracións Públicas.

En consecuencia, e dado o interese coincidente da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e da Asociación Española para a Economía Enerxética (AEEE), as dúas partes acordan formalizar o presente Convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é o establecemento dun sistema de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Asociación Española para a Economía Enerxética (AEEE), para a organización do XIV Congreso da Asociación Española para a Economía Enerxética – “Transición enerxética, industria e emprego”.

O obxectivo deste congreso é, tal e como recolle na súa temática “Transición enerxética, industria e emprego”, recoller a problemática para resolver, no medio prazo, relativa á creación de emprego de calidade, a procura de oportunidades e solucións dende a industria, dentro do contexto dunha transición enerxética xusta cara a unha economía descarbonizada. Trátase, por tanto, de reflexionar sobre que alternativas pódense ofrecer negocio eléctrico e enerxético para alcanzar un futuro ambiental e socioeconómico sustentable. Todo iso dentro do marco ibérico, europeo e mundial.

SEGUNDA.- XUSTIFICACIÓN DA DIFICULTADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA PÚBLICA.

O feito de que o convenio sexa realizado pola Asociación Española para a Economía Enerxética (AEEE) trae como consecuencia que esta asociación leva moitos anos traballando no tema enerxético dende o punto de vista económico, medioambiental e do cambio climático, sendo a única de España é unha referencia a nivel internacional, e que ten como obxectivo celebrar no ano 2019 o XIV congreso na Comunidade Autónoma de Galicia na cidade da Coruña.



Polo que, atendendo ao carácter singular que se deriva das excepcionais circunstancias nas que se realizan as actividades obxecto de convenio, concorren circunstancias que determinan a dificultade de promover a concorrência dada a finalidade e as características específicas das actuacións a realizar, aos efectos do establecido no artigo 19.4. c) e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA PARA A ECONOMÍA ENERXÉTICA (AEEE).

A Asociación Española para a Economía Enerxética (AEEE) levará a cabo as actuacións obxecto do convenio, e en concreto:

A Organización do XIV Congreso da Asociación Española para a Economía Enerxética, a celebrar na Coruña do 30 de xaneiro de 2019 ao 1 de febreiro de 2019

- A asociación AEEE encargárase de organizar a totalidade das xornadas, que comprenderán os seguintes apartados:
- Organización e secretaría das xornadas.
- Contratación de conferenciantes.
- Difusión e publicidade.
- Atencións protocolarias.
- Dirección e coordinación.
- Material didáctico.
- Elaboración e publicación de conclusións.

O custe das actuacións a desenvolver pola universidade por medio do presente convenio ascenderán OITO MIL EUROS (8.000,00 €) IVE incluído.

Así mesmo a AEEE deberá cumprir coas seguintes obrigas:

1. Destinar o importe do financiamento do presente convenio ao obxecto e finalidade que se contén no mesmo no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de marzo de 2019.
2. Comunicar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, realización da actividade e o seu custo real.
4. Facer constancia expresa da colaboración da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, incluíndo a imaxe corporativa institucional que esta lle facilite, en toda información e publicidade da actividade obxecto do convenio, difundíndoa de maneira adecuada e situándoa en lugar destacado e visible, de maneira suficientemente perceptible.
5. Acreditar ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, con anterioridade a sinatura do presente convenio, que se atopan ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social.



6. Proceder ao reintegro, total ou parcial dos fondos percibidos e dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
7. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
8. As obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Presentar, con carácter previo á sinatura do convenio, unha declaración responsable na que se faga constar que a AEEE non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, número 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario dunha subvención.
10. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a suministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, á que se atopen vinculadas, previo requerimento, toda a información necesaria para ao cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da citada lei."

CUARTA .- OBRIGAS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, por medio da Dirección Xeral de Industria Enerxía e Minas colaborará no financiamento dos gastos que xeren as actividades obxecto do presente convenio ate un máximo de OITO MIL EUROS (8.000,00 €) IVE incluído.

Para a realización destas actividades a desenvolver pola Asociación Española para a Economía Enerxética (AEEE) destinarase a cantidade de OITO MIL EUROS (8.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 09.20.733A – 781.1, dos orzamentos xerais da comunidade Autónoma para o ano 2019. O orzamento dos gastos por actividades é o seguinte:

ACTUACIÓNS	ORZAMENTO (€)
Organización do Congreso	8.000,00
TOTAL ANUALIDADE 2019	8.000,00

Esta axuda imputarase á aplicación orzamentaria indicada, de conformidade co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que se establece a tramitación anticipada de expedientes de gasto, condicionando a concesión desta axuda á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da sinatura do convenio.



Así mesmo, a Consellería de Economía, Emprego e Industria poderá cooperar no asesoramento, seguimento e calquera outra actividade relacionada coa finalidade do convenio.

QUINTA.- PAGAMENTO

De acordo con artigo 63.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o caso de subvencións de capital, unha vez asinado o convenio, realizarase nun único pagamento por importe de **OITO MIL EUROS (8.000,00 €)**, unha vez xustificada a realización das actuacións descritas na cláusula terceira, na forma e cos requisitos previstos na cláusula sétima.

Para percibir o importe desta subvención, a AEEE deberá:

- Acreditar que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

- Presentar unha certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control orzamentario que acredite a realización das actuacións previstas neste convenio así coma o investimento da totalidade da subvención na realización das ditas accións e o pagamento efectivo dos ditos investimentos. Con esta certificación deben achegarse os xustificantes correspondentes que consistirán en facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente dos gastos realizados afectos á actividade, acompañados dos comprobantes do seu pagamento.

No caso de que os gastos sexan de persoal que participase nas actividades obxecto deste convenio deberánse presentar as nóminas e os comprobantes do seu pagamento, así como, unha memoria xustificativa de adscrición deste persoal á execución dos traballos obxecto deste convenio.

A documentación xustificativa das actuacións realizadas deberá entregarse na CONSELLERÍA antes do 31 de marzo de 2019.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, as achegas da Consellería diminuiranse proporcionalmente.

SEXTA.- INCOMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

O financiamento das actuacións obxecto do presente convenio por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria será incompatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, a menos que as posteriores axudas se destinen a unha ampliación ou mellora da actividade subvencionada e sen que en ningún caso se rebase o custo.

SÉTIMA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

A data límite para a presentación da correspondente xustificación da realización das actividades do presente convenio, será o 31 de marzo de 2019. Admitiranse os xustificantes de gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de marzo de 2019.

A xustificación da subvención por parte do beneficiario realizarase mediante a achega da seguinte documentación:



1. Unha Memoria de Actuación xustificativa do cumprimento de cada unha das actividades obxecto do convenio. Presentarase un informe final detallado para cada unha das actividades con indicación do grao de cumprimento respecto ao planificado e os resultados obtidos, no seu caso, achegarase un exemplar da documentación elaborada, así como calquera entregable, material gráfico, folleto ou fotografías que se obteña no desenvolvemento de cada actividade. Así mesmo, para cada unha das actividades obxecto do convenio, deberá acreditarse o cofinanciamento da Xunta de Galicia.

2. Unha Memoria Económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:

- a. Unha relación clasificada dos gastos e investimentos de cada actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago. Esta táboa virá asinada e selada polo responsable da entidade. A relación de gastos figurará por orde cronolóxica (ademais do formato papel entregarase en formato dixital –folla de cálculo– de acordo aos modelos establecidos no anexo).
- b. Orixinais ou fotocopias compulsadas dos documentos acreditativos do investimento ou actuación consistentes en facturas dos provedores ou documentos de valor probatorio equivalente.

Os documentos de gasto seguirán a mesma orde que a indicada na relación clasificada de gastos.

As facturas deben conter suficiente información de detalle, que permita relacionala co gasto xustificado. Naqueles casos nos que a devandita información non sexa suficiente, haberá de aclarar o gasto realizado por outros medios. As facturas xustificativas de gastos terán que incluír a seguinte información:

- Data de emisión da factura
- Número da factura
- Razón social e NIF do emisor e da entidade beneficiaria
- Descrición dos bens ou gastos incorridos na factura
- Importe unitarios por artigo/concepto de gasto
- Detalle do IVE ou do IRPF no seu caso, etc.

Se as facturas están en idioma distinto ao galego ou español, deberase achegar tradución da descrición do servizo, subministración ou outro tipo de gasto que corresponda, debéndose axustar as facturas aos requisitos que esixa a lexislación de cada país estranxeiro, e indicando a información sinalada no parágrafo anterior.

Os custes indirectos poderán formar parte da xustificación da subvención, sempre que a AEEE impute estes á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en calquera caso, na medida en que tales custes correspondan ao periodo en que efectivamente se realiza a actividade. Neste caso, deberanse reflectir os criterios de reparto dos custes indirectos incorporados.

c. Orixinal ou copia compulsada da documentación bancaria dos pagamentos (excepción feita daqueles documentos dos que a empresa non custodia orixinais –



cheques-). Presentarase adxunto a cada documento de gasto o seu correspondente documento de pagamento e o extracto bancario onde figure o cargo correspondente.

No caso de que exista un mesmo documento de pagamento para varios documentos de gasto, deberase fotocopiar o documento de pagamento tantas veces como documentos de gasto aos que faga referencia, e achegarse a cada un dos documentos de gasto unha copia do devandito documento de pagamento.

Non se admiten os pagamentos en efectivo, agás para a compra de pequeno material, sempre coa acreditación da factura e/ou recibín, e sempre que non se superen os 300 euros. Neste caso deberase remitir un recibín selado polo proveedor especificando, nome completo da persoa que asina, DNI e o número de factura e a data na cal o pagamento fíxose efectivo.

Os xustificantes bancarios de pagamento deben coincidir exactamente co importe da factura, IVE incluído. No caso de que o importe reflectido no documento bancario non coincida co importe do documento de gasto (pagamento agrupado), deberase remitir un desglose dos pagamentos efectuados xunto cos documentos de gasto, onde se poida identificar o gasto en cuestión.

3. Xustificante das axudas obtidas ou declaración das solicitadas ou que se prevé obter para o mesmo investimento en calquera outra administración, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais; indicando a súa contía.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.

OITAVA.- CONTROL

A Consellería de Economía, Emprego e Industria poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención.

Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, a entidade beneficiaria estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, e á obriga de facilitar toda a información que estas lle requiran consonte ao artigo 40.1.h) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

NOVENA.- PUBLICIDADE

A entidade beneficiaria do presente convenio consente expresamente o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e/ou na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Do mesmo xeito, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, consente expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos, no devandito rexistro.

En todas as súas actuacións divulgativas farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse cando proceda os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.



Así tamén, segundo o disposto no artigo 18.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións é deber do órgano outorgante da subvención a remisión da información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas á Base de Datos Nacional de Subvencións, que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións..

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, e a Asociación Española para a Economía Enerxética (AEEE) nomearán cada un a un representante para realizar o seguimento e control do establecido no presente Convenio.

UNDÉCIMA.- CONFIDENCIALIDADE

A Asociación Española para a Economía Enerxética (AEEE) comprométese a manter a confidencialidade de toda información facilitada que teña dito carácter.

Cando a Asociación Española para a Economía Enerxética (AEEE) desexe utilizar algún dato que teña carácter de confidencial para a súa publicación ou difusión, deberá solicitar a súa autorización da Consellería.

DUODÉCIMA TERCEIRA - RELACIÓN LABORAL COA CONSELLERÍA

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades a desenvolver no presente convenio e a Xunta de Galicia, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA.

Este convenio entrará en vigor ao día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de marzo de 2019, e pola propia natureza das actuacións a desenvolver non é prorrogable a vixencia do mesmo, sen prexuízo de que na anualidade a xustificar en 2019 se poidan atender actuacións realizadas dende o 1 de xaneiro de 2019.

DÉCIMO CUARTA.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de demora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no mesmo.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O acordo mutuo das partes.



DÉCIMO QUINTA.- NATUREZA E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

O presente convenio ten carácter administrativo. Correspóndelle ao conselleiro de Economía, Emprego e Industria a interpretación do mesmo e a resolución das dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos tomados neste sentido inmediatamente executivos. As posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa de conformidade coa Lei reguladora de dita xurisdición.

DÉCIMO SÉXTA.- SUPLETORIEDADE

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no seu artigo 4, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O presente convenio rexerá polas súas propias cláusulas e en todo o non recollido nelas aplicárase o disposto para esta materia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normas de dereito administrativo.

DÉCIMO SÉTIMA.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente neste convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións.

Tendo lido o presente convenio e, en proba de conformidade asíñase por todas as partes, por triplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE
GALICIA

POLA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA PARA A
ECONOMÍA ENERXÉTICA (AEEE)

Francisco José Conde López
